

Bos días a todos e a todas.

En primeiro lugar quero desculpar a ausencia da secretaria xeral de Política Lingüística, Marisol López, que, ao seu pesar, non puido asistir a este acto.

No seu nome quero felicitar ás dúas adegas premiadas(Martín Codax e Algueira) e subscribir por completo a decisión do xurado e as consideracións que o levaron a conceder estes premios.

Quero felicitar tamén á Asociación Álvaro das Casas polo seu compromiso coa dignificación da lingua e coa promoción dos viños da terra, que vén desenvolvendo desde o ano 2001, á vez de felicitalos pola idea de crear estes premios “Bacelos de Prata” para premiar o labor dos adegueiros na promoción do noso idioma no seu labor empresarial diario, e na etiquetaxe dos seus excelentes viños.

E quero, por último felicitar ao xurado por resaltar, cos premios deste ano, a variedade deste sector, traendo hoxe aquí a representantes dunha gran empresa e dunha empresa, punteira tamén, de tamaño familiar, que reficthen tamén dúas formas complementarias de entender o mundo do viño. E, por que non, que representan aos viños brancos e aos tintos.

De todos os xeitos, cómpre salientar que nada disto sería posible sen o cerne, os adegueiros, que entenderon rapidamente que a lingua é un factor positivo de identificación das empresas galegas e que no sector do viño especialmente reforza a referencia de calidade e o facer da tradición. Entenden tamén que a etiquetaxe en galego fai máis visible a nosa singularidade, que fai resaltar a nosa identidade (oculta durante tantos anos escuros para a lingua), e que a identidade de Galicia vende.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, en canto organismo superior da Xunta de Galicia, directamente dependente do seu presidente, ten como obxectivo principal a promoción da lingua galega. Para iso é consciente que debe traballar, e así o está facendo, en contextos aos que nunca ata agora se chegara desde os

poderes públicos galegos, cun discurso normalizador a prol dos novos usos do idioma galego, a empresa galega. Para iso cómpre apoiar a todos os empresarios que traballan arreo por manter as súas empresas e poñer os seus produtos en mercados difíciles, pero nos que compiten co selo da calidade, da imaxinación e da significación que lle engade o noso idioma.

Somos conscientes de que todos traballamos nunha sociedade cunha parte importante de invisibilidade da lingua, na que aínda hai que insistir en que o galego é lingua propia, maioritaria e emerxente, que representa un factor positivo de mercado, e que tamén se pode publicitar, vender e facturar en galego o que se produciu en galego. Porque o galego, en Galicia e fóra, axuda a vender xa que nos aporta un referente de calidade que resalta o noso produto de entre os demais.

Estase a traballar para poñer en marcha unha política lingüística imaxinativa, capaz de chegar ás sensibilidades de todos os sectores económicos e de promover a incorporación do uso do galego nas empresas galegas (das que temos aquí dous excelentes representantes de empresas punteiras dun sector estratéxico para a nosa economía).

Os obxectivos son : incrementar o uso do galego como lingua de traballo (nas relacións cos traballadores, os provedores e o sector público), nas relacións entre as empresas, na rotulación das súas dependencias, na incorporación da lingua galega como unha opción lingüística máis nas súas páxinas web, nas súas ferramentas tecnolóxicas, e documentación interna e externa.

O fin último é conseguir que a empresa poda desenvolver a súa actividade en galego (como establece o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, que foi aprobado por unanimidade de todos os grupos políticos no parlamento de Galicia en setembro de 2004). Para iso estamos no camiño de poñer ao seu dispor vocabularios, dicionarios, tradutores e correctores que faciliten a redacción da documentación en galego, así como conseguir que as grandes multinacionais do sector da informática e da comunicación incorporen o galego como unha opción idiomática máis aos seus produtos.

Ao mesmo tempo, traballamos, ademais de coas empresas do sector vitivinícola, con sectores económicos tan relevantes coma os estaleiros, as conserveiras, a construción, e a comunicación.

Queremos asegurar o dereito de toda a cidadanía galega a seren entendidos e atendidos en galego e a poder usar servizos e recibir produtos na nosa lingua.

Hai que reseñar que o sector produtivo do viño foi o abandeirado no proceso do cambio do sector empresarial galego porque: Incorporou de produción as tecnoloxías de vangarda mantendo o saber tradicional, o que deu como resultado un produto de calidade excepcional.

No sistema de comercialización potenciou a calidade e a singularidade, utilizando, entre outros medios, o noso idioma por que é noso, porque nos sentimos orgullosos, porque reflicte quen somos, como somos e como traballamos, leva ao consumidor interno a preferir estes produtos e a o de fóra de Galicia a escollelos pola calidade que sabe que aporta a nosa terra.

Na vangarda e o mimo das presentacións nos grandes mercados nacionais e internacionais. De aí a importancia das etiquetas, non só a relevancia da estética senón a incorporación dun idioma de referencia.

A conciencia de que o idioma galego fai destacar o produto e nos confirma como referencia de calidade.

No sentimento de pertenza a unha sociedade que coñece e valora os froitos do seu traballo e a súa lingua.

Na incorporación dos novos profesionais galegos, que veñen a reforzar o labor feito polos seus pais e avós, que, con formación, ilusión e creatividade, difunden os produtos de sempre, mellorados e crean outros novos, mantendo o galego e levándoo aló onde o seu produto chega.

Todo isto asegura que poidamos deixarlle para os nosos fillos un galego rico e capaz de adaptarse a este mundo en permanente cambio.

Grazas a todos, e parabéns aos premiados e á Asociación Álvaro das Casas polo seu labor.